

Concello de Bergondo
Estrada A Coruña – Ferrol, 12
15165 - Bergondo – A Coruña

EXPEDIENTE: Mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da rede autonómica de estradas de Galicia na provincia de A Coruña.
CLAVE: GA/19/001.09.3
ASUNTO: Información pública

Achégase o presente oficio para informarllas que se someterá a información pública, durante o prazo **dun mes**, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da rede autonómica de estradas de Galicia na provincia de A Coruña, de clave: GA/19/001.09.3, de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído e no Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental.

Os documentos sometidos a información pública atópanse para á súa consulta na seguinte páxina web:

https://infraestructurasemobildade.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestructuras?content=Direccion_Xeral_Infraestructuras/Informacion_publica/seccion.html&ui=Direccion_Xeral_Infraestructuras/Dinamico/Expediente_Infraestructura/listado_expedienteInfraestructura_central.html

A publicación no Diario Oficial de Galicia está prevista para o 7 de decembro de 2020, e durante o período de información pública (*1 mes desde o día seguinte á publicación no DOG*) o documento deberá estar exposto ao público nese Concello, para que sexa examinado polas persoas que o desexen, co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou suxestións que estimen oportunas.

Por outra banda, e na súa calidade de administración territorial afectada, ese Concello debe tamén examinar o referenciados mapas sometidos a información pública, e informar sobre os mesmos. Transcorrido o período de información pública sen que emitan informe, entenderase a súa conformidade cos mesmos.

Finalmente, rematado o período de información pública, solicítolle a remisión do certificado comprensivo de que os mapas estiveron sometidos a exposición pública durante o prazo establecido, facendo constar se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Asinado dixitalmente:

Francisco Menéndez Iglesias

Director da Axencia Galega de Infraestructuras

